

TONY TORRES
THE DEVIL'S SONG

O blues clásico toma novos aires no primeiro disco de Tony Torres

O músico Tony Torres, con máis de vinte anos de carreira ás costas, decidiu gravar os temas clásicos do blues que non tocara nunca ningún dos seus proxectos musicais. O resultado deste persoal desquite é "The Devil's Song", un traballo autoproducido que rende homenaxe a figuras tan imprescindibles como Robert Johnson.

CRÓNICA DE M.J.R.

Que o blues é a música do díañe quedou claro na película "Cruce de camiños" (1986), cun xenial intérprete que acadara tal virtuosidade grazas a un pacto demoníaco. "Cross-roads", no título orixinal, é tamén o título dunha versionadísima canción de Robert Johnson, figura clave na historia da música e do rock and roll, a quen a lenda lle atribúe tan extraordinarias habilidades precisamente por estar en tratos co inframundo. A este peculiar "bluesman" rende homenaxe o ferrolán Tony Torres xa desde a portada do seu primeiro disco en solitario –realizada por Víctor García–, que presenta unha encrucillada na que se decide o destino dun home. Dentro deste "The Devil's Song", o tributo es-téndese ata os pioneiros das déca-

das 30 e 40, con cancións clásicas que, malia iso, aínda non foran interpretadas por este músico nos seus concertos.

"Son versións totalmente adaptadas", conta Tony Torres. "Fágoas por pracer e porque creo que eses temas merecen ser revisados".

Este axuste de contas coa tradición supón o primeiro disco en solitario de Torres, que está acompañado para a ocasión por The Five Strings Band. Aproveitou os ocos que deixa na súa axenda The Durango Express, coa que pronto comezará a gravación do seu terceiro traballo, para autoeditar un cedé no que inclúe a pequena historia de cada un dos temas. "I'm Tore Down", "Looking Back", "Mississippi Queen", "The Devil's Song" ou "Crossroads", xunto con outras composicións incluídas no traba-



Imaxe promocional de Tony Torres

llo, están asociadas a momentos da súa vida e a unha forma de entender a música e o rock que Torres mantén desde que caeu nas súas mans o "Made in Japan" de Deep Purple e desde que Jimi Hendrix cambiou o seu futuro.

O disco está a venda desde esta semana nos concertos, no bar Rúa 66 (rúa Alcalde Usero) e na tenda de roupa La Durango (rúa Sarña, 22). Ten unha tirada inicial de 300 exemplares, que se ampliará cunha próxima edición. Só

nos dous primeiros días, Torres xa se desfixera de preto dun cento de cedés. Tamén se pode escoitar no seu sitio de Myspace.

Os que queiran escoitar os temas en directo terán poucas oportunidades de facelo. Tony Torres fará actuacións moi puntuais nas principais cidades galegas. Na cervexaría Sitaru toca o día 20 e, na Coruña (no World Beer Center), o 12 de decembro. Tamén estará no Casino Ferrolán na festa de fin de ano.

breves
Encontro de palilleiras da zona rural de Ferrol no local da AVV Vilasanche

■ A Agrupación de Asociacións de Veciños da Zona Rural celebra desde hoxe un novo encontro de palilleiras. A concentración desenvolverase no local social da AVV Vilasanche durante tres días nos que as participantes intercambiarán consellos, técnicas e experiencias sobre o mundo do encaixe. A clausura celebrase o venres 14, ás sete da tarde, coa entrega de diplomas a todas as participantes.

Vidal Romaní fala sobre o bosque carbonizado de Ponzos en Columba

■ O catedrático de Xeoloxía da USC, Juan Ramón Vidal Romaní, director ademais do Instituto Universitario de Xeoloxía Isidro Parga Pondal, fala o sábado ás 18.30 horas, na biblioteca Columba, en Covas, do bosque carbonizado de Ponzos.

Cea de confraternización entre os veciños de Covas nados entre o 57 e o 61

■ Os veciños de Covas, nados entre o 1 de xaneiro de 1957 e o 31 de decembro de 1961, celebran unha cea de confraternización no restaurante Beceiro. O encontro está programado para o sábado 21 de novembro. As persoas interesadas en asistir ó mesmo deben de confirmar asistencia (antes do día 14) chamando ó 619 931 631, 605 679 722 ou 649 679 547.

breves
O ciclo de cine de Fontelonga ábrese esta tarde nos Dúplex coa película "A quimera do ouro"

■ "A quimera do ouro", de Charles Chaplin, abre ás oito da tarde o ciclo de cine que organiza a AVV Fontelonga. A película que en 1942 estivo nominada ó Oscar na categoría de mellor son e mellor banda sonora está considerada como unha das obras maestras de Chaplin. As proxeccións, que se repetirán todos os xoves de novembro, terán lugar nos cines Dúplex ás oito da tarde e a entrada é de balde. O ciclo continuará as vindeiras semanas coa proxección de "Luces da cidade", "Tempos modernos" e "O gran dictador".

Fernando Vila Segura expón as súas pinturas no Casino

■ O Casino Ferrolano acoile ata o 16 de novembro unha exposición de pintura de Fernando Vila Segura. Óleos, acuarelas, pasteis e debuxos compoñen esta colección de obras na que a paisaxe galega, e especialmente a da comarca, é a protagonista da mostra. A exposición podese visitar os días laborais de sete a nove da tarde e os fins de semana de doce a dúas.

O grupo de montaña Pórtico marcha de excursión ó Courel

■ O grupo de montaña Pórtico prepara para esta fin de semana unha excursión á serra do Courel, concretamente á zona de Seara (Lugo), onde estará ubicado o campamento base. O programa de actividades inclúe unha rota pola devesa de Romeor, unha marcha de montañismo polo alto do Formigueiro e pola Lagoa da Lucenza. Tamén haberá un magosto.



Alcalá durante a conferencia celebrado onte

LUIS POLO

Os autores favoritos de Xavier Alcalá inauguraron onte o novo ciclo literario da biblioteca municipal

■ O escritor Xavier Alcalá inaugurou onte a primeira sesión do novo ciclo da biblioteca municipal, "Miñas lecturas favoritas", unha proposta que nace coa intención de potenciar o uso da biblioteca como centro cultural e fomentar o hábito de lectura e diálogo. Alcalá convidou a charla a algúns dos seus autores de cabeceira, entre eles atópanse Carvalho Calero, Jules Verne, Conan Doyle, Erasmo de Rotterdam ou Torrente Ballester. A intención do Concellería de Cultura é continuar organizando estes encontros arredor da literatura durante o vindeiro ano.

Barreiro Rivas no XX aniversario do Liceo Rubia Barcia

■ A asociación cultural Liceo Rubia Barcia conmemora estes días o seu vixésimo aniversario, unha data moi significativa para a entidade. Con este motivo desenvólven unha serie de actividades culturais abertas á toda a cidadanía. O programa ábrese ás oito da tarde cunha conferencia a cargo de Xosé Luis Barreiro Rivas, profesor da Universidade de Santiago de Compostela. Falará sobre a incidencia da crise na política galega e española, analizando as claves do período 2010-2012. A charla terá lugar no Centro Cívico de Caranza. O programa continuará mañá, ás oito da tarde, cunha homenaxe o que durante 17 anos foi presidente da entidade, o actor e dramaturgo Lino Braxe. A Banda Ferrolá de Música dará un recital ó final deste acto conmemorativo.